



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
DÍA 25 DE AGOSTO DE 2015**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E TRECE MINUTOS** do día **VINTECINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia, en substitución do Sr. Alcalde, ausente por vacacións (Decreto do 29 de xullo de 2015) **D. KLAUS BREY MONTAÑA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, debido a non celebración da ordinaria do 19 de agosto por vacacións, coa asistencia da tenente de Alcalde **Dª ANA LUISA GONZALEZ COSTA**, os concelleiros, membros deste órgano, **D. JESUS TABOADA LÁZARA** e **Dª Mª JOSÉ FERNÁNDEZ RODRIGUEZ**, e da Secretaria da Corporación **MARIA CACHARRO LOPEZ**, que suscribe e da fe. Asisten tamén o Interventor municipal **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA** e, por telo autorizado o Alcalde, a concelleira **PILAR PEÓN IGLESIAS**.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: ORDINARIA DO 4 DE AGOSTO DE 2015.**
- 2º.- **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE 'INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA': APERTURA DOS SOBRES E SOLICITUDE DE INFORME TÉCNICO.**
- 3º.- **URBANISMO: LICENZAS.**
- 4º.- **INTERVENCIÓN.**

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: ORDINARIA DO 4 DE AGOSTO DE 2015**

Preséntase para a súa aprobación a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 4 de agosto de 2015. Non se producen intervencións, quedando aprobada a dita acta.

**2º.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE 'INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA': APERTURA DOS SOBRES E SOLICITUDE DE INFORME TÉCNICO**

Á vista das ofertas presentadas en prazo polas empresas invitadas a participar no procedemento negociado sen publicidade para adxudicar as obras de "Instalación dun ascensor na Casa da Cultura de Silleda", segundo o expediente aprobado na XGL do 21/07/2015, procédese á cualificación previa consistente no exame limitado ás declaracións responsables e o exterior dos sobres presentados xunto coas declaracións responsables, e o Alcalde ordena a apertura dos sobres coas ofertas económicas e documentación técnica, co seguinte resultado:



*Aprobada na sesión ordinaria do 1 de setembro de 2015*



EMPRESA	Oferta Económica	Prazo Execución	Meitoras	Prazo Garantía
Ascensores ENOR, SA	50.461,62 € + IVE	2 meses e tres semanas	Non oferta	Non oferta
ENDENOR Mantenimiento y Servicios, SL	50.461,62 € + IVE	2,5 MESES	Suministro e instalación dun banco empotrado no muro de formigón, na cara posterior e no alzado lateral dereito da caixa do ascensor	Non oferta
Construcciones Fernández Sarmiento, SL	50.461,62 € +IVE	3 MESES	Non oferta	Non oferta

Á vista das ofertas presentadas, dase traslado das mesmas aos servizos técnicos para que emitan o correspondente informe.

### 3º.- URBANISMO: LICENZAS.

#### 3.1.- Licenzas de obra maior

3.1.1.- Construción de cortes de vacún na paraxe de Chousa do Lodo. Fontefría-Xestoso.

Vista a solicitude de licenza, presentada por *M.M.C.* r.e. núm. 3196 do 09/07/2015, para obras de construción de cortes de vacún na paraxe de Chousa do Lodo, Fontefría-Xestoso segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Pérez Donsión.

De acordo coa resolución do 22/06/2015, pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da construción (expediente PO/2015/028) e co informe emitido o 14 de agosto de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás condicións sinaladas na declaración de incidencia ambiental e no informe técnico anteditos.

Unha vez rematadas as obras, o inicio legal do exercizo da actividade requirirá da presentación dunha comunicación de inicio de actividade no modelo oficial.

3.1.2.- Obras de ampliación de capacidade de almacenamento de taller de pirotecnia no lugar de Bazar, nº 7.

Vista a solicitude de licenza, presentada por *M.V.M* Rexistro de Entrada nº 4993 de data 16 de outubro de 2009, para ampliación de capacidade

de almacenamento de taller de pirotecnia no lugar de Bazar, 7, Silleda, segundo o proxecto técnico asinado pola enxeñeiro de minas Eloisa Moreno Talaya.

De acordo coa autorización autonómica en solo rústico para a legalización e ampliación dunha pirotecnia no lugar de Bazar, do 24/05/2013, coa autorización da Dirección Xeral de infraestruturas ferroviarias do 14/06/2010, e co informe emitido o 11 de agosto de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás condicións sinaladas nas autorizacións e no informe técnico anteditos.

Antes do inicio das obras deberá presentar no Concello os oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.

Unha vez rematadas as obras, o inicio legal do exercizo da actividade requirirá da presentación dunha comunicación de inicio de actividade no modelo oficial.

### 3.1.3.- Legalización de establo de vacún de carne no lugar de Reguenga, Cervaña.

Vista a solicitude de legalización, presentada por *C. O. P.* iro, Rexistro de Entrada nº 2746 de data 16 de xuño de 2015, para Legalización de establo de vacún de carne no lugar de Reguenga, Cervaña, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Rodríguez Blanco.

De acordo co informe emitido o 6 de agosto de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás condicións sinaladas no informe técnico antedito.

Unha vez rematadas as obras, o inicio legal do exercizo da actividade requirirá da presentación dunha comunicación de inicio de actividade no modelo oficial.

### 3.1.4.- Obras de Almacén de apeiros de labranza, ampliación de edificación existente, sita na Paraxe Carril do Souto, Parada.

Vista a solicitude de licenza, presentada por *G. L. T.* a e *U. A. L.* s, Rexistro de Entrada nº 2605 de data nove de xuño de 2015, para Construción de Almacén de apeiros de labranza, ampliación de edificación existente, sita na Paraxe Carril do Souto, Parada, segundo o proxecto da arquitecta Natalia Campos Ferro.

De acordo co informe emitido o 6 de agosto de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás condicións sinaladas no informe técnico antedito.



Antes do inicio das obras deberá presentar oficios de dirección, dirección da execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.

Unha vez rematadas as obras, o inicio legal do exercizo da actividade requirirá da presentación dunha comunicación de inicio de actividade no modelo oficial.

### 3.2. Licenzas de obra menor

3.2.1.- Obras de mantemento e conservación na cuberta da Igrexa Parroquial de San Tomé de Parada.

Vista a solicitude de licenza, presentada por *G. J. C. C.* e.r. Igrexa Parroquial de Parada, Rexistro de Entrada nº 3003 de data 15 de xullo de 2014, para Obras de mantemento e conservación na cuberta da Igrexa Parroquial de San Tomé de Parada.

De acordo coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitida mediante resolución do 27/07/2015 e co informe emitido o 18 de agosto de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás condicións sinaladas na declaración de incidencia ambiental e no informe técnico anteditos.

3.2.2.- Obras de mantemento e conservación na palleira existente no lugar de Costela, nº 17, Margaride.

Vista a solicitude de licenza, presentada por *F. S. S.* Rexistro de Entrada nº 3802 de data 1 de setembro de 2014, para Obras de mantemento e conservación na palleira existente no lugar de Costela, nº 17, Margaride.


De acordo coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitida mediante resolución do 03/06/2015 e co informe emitido o 4 de agosto de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás condicións sinaladas na declaración de incidencia ambiental e no informe técnico anteditos.

## 4º.- INTERVENCIÓN.

### 4.1.- Bolsas e axudas

4.1.1.- Bolsas para o transporte universitario de estudantes de ciclos formativos para o curso 2015-16

Á vista das bases polas que se regula a convocatoria de bolsas para o transporte universitario e estudantes de ciclos formativos para o curso 2015-16, elaboradas na Concellería de Benestar, Igualdade, Ensino e Sanidade e sen que pola



Intervención municipal se formulen reparos ou observacións, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA aprobar as referidas bases e abrir o procedemento de solicitude e concesión das devanditas bolsas.

#### 4.1.2.- Axudas complementarias para libros de texto e material escolar. Curso 2015-2016

Á vista das normas polas que se rexerá a convocatoria de axudas complementarias dirixidas ás familias que precisan dunha protección especial, así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar, curso 2015-2016, elaboradas na Concellería de Benestar, Igualdade, Ensino e Sanidade e sen que pola Intervención municipal se formulen reparos ou observacións, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA aprobar as referidas normas e abrir o procedemento de solicitude e concesión das devanditas axudas.

#### 4.2.- Aprobación de certificación de obras e factura

##### 4.2.1.- Mellora da eficiencia enerxética no casco urbán de Silleda, certificación núm. 1.

O Interventor municipal, achega para a súa aprobación a certificación núm. 1 das obras de "Mellora da eficiencia enerxética no casco urbán de Silleda", presentada o 13 de agosto de 2015 (r.e. núm. 3800) por Electricidad Arteaga Gres, SL (incluída no PPOS/15), adxudicataria da dita obra por resolución do 21 de maio de 2015.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a certificación núm. 1 das obras de "Mellora da eficiencia enerxética no casco urbán de Silleda" (incluída no PPOS/15), por importe de 73.041,81 euros, asinada polo director das obras, o arquitecto técnico municipal, José Antonio Presas Ferreiro.

**SEGUNDO.-** Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte: Número 48. Data: 13/08/2015. Proveedor: Electricidad Arteaga Gres, SL. Importe con IVE: 73.041,81.

##### 4.2.2.- Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de Silleda e Bandeira, certificación segunda e final.

O Interventor municipal, achega para a súa aprobación a certificación núm. 2 e final das obras de "Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de



**Concello  
de  
Silleda**

Silleda e Bandeira”, presentada o 29 de xullo de 2015 (r.e. núm. 3493) por Endenor Mantenimento y Servicios SL (incluída no PPOS/15), adxudicataria da dita obra por acordo da XGL do 24 de abril de 2015.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación núm. 2 e final das obras de “Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de Silleda e Bandeira” (incluída no PPOS/15), por importe de 31.289,60 euros, asinada polo director das obras, o arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.

SEGUNDO.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte: Número 04.07/15. Data: 25/07/2015. Proveedor: Endenor Mantenimento y Servicios SL. Importe con IVE: 31.289,60.


E non habendo máis asuntos que tratar, pola presidencia levántase a sesión ás trece horas, extendéndose a presente acta, do que como secretaria, dou fe e certifico.

Silleda, a 25 de agosto de 2015

Vº e Prace

O ALCALDE,

Klaus Brey Montaña



A SECRETARIA

María Cacharro López

